


IV PROBA DA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN

CONCELLO PORTO DO SON

# ORIENTACIÓN



---

## BOLETÍN 2

09 DE ABRIL DE 2018

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA  
PORTO DO SON

## 1. Datos xerais:

### ► Horario:

**09:00.-** Apertura de Secretaría.

**10:00.-** Saída dos primeiros participantes.

**10:30 – 12:00.-** Saída das categorías de Iniciación.

**13:30.-** Peché de meta.

*\*O tempo máximo de carreira é de **2 horas**.*

*\*\* A estrada de acceso á zona de competición, estrada CP-7102, pecharase ó tránsito a partir das 16:15 por mor da celebración dunha etapa do rali de Noia. Esta circunstancia non lle afecta á carreira pero, si algún de vos ten pensado quedar no monte, prégase que teñades en conta este detalle importante.*

### ► Mapa:

MONTE ENXA. Rexistro FEDO C-2021-17

Escala 1:10000 e 1:7500.

Equidistancia: 5 metros

**Coordenadas Secretaría:** 42.68441, -8.98613

### ► Tipo de proba:

Distancia Media.

### ► Como chegar:

► A vila de Porto do Son atópase na ría de Muros e Noia entre as localidades de Noia e Santa Uxía de Ribeira. Para chegar a nosa vila, podedes acceder, si se viaxa desde a zona Sur, pola autovía do Barbanza (AG-11) ata a localidade de Ribeira e, desde alí, coller dirección N pola AC-550. Tamén, accedendo desde a zona de Santiago, a través da Autovía de Brión (AG-56), que logo se transforma no corredor de Noia (CG-1.5).

### ► Centro de Competición:

Para chegar o centro de competición será necesario seguir as indicacións dispostas na estrada, por medio das sinais habituais (frecha na sinal de orientación) que serán colocadas a partir do km 88,1 da AC-550, punto no que se atopa o desvío dirección Monte Enxa, ó que se accede pola estrada CP-7102. Nesa estrada, pola que teremos que transitar durante 5,5 km, atoparemos varias sinais indicadoras, que nos conducirán ata o centro de competición, no que se localizará a SECRETARÍA. Rogamos que se respecten as sinais indicadoras e os mapas que axuntamos para chegar ó centro de competición. Hai outras opcións de chegar pero, por cuestións organizativas, a única alternativa oficial é a indicada.

\* **ATENCIÓN.** Cando cheguemos á zona de Secretaría (facilmente identificable porque teremos unha carpa ó lado da estrada) temos que utilizar unha pista de barro, que queda á man dereita segundo o sentido da marcha, para acceder os aparcadoiros previstos. Os aparcadoiros faranse na beira desta pista de

barro e en dúas explanadas situadas na base de dous eólicos próximos. Rógase ocupar **SO UNHA DAS BEIRAS** xa que a pista non é moi ancha.

- ✓ Na SECRETARÍA organizarase unha **PRESAÍDA** para organizar o fluxo de xente cara a zona de SAÍDA.
- ✓ Desde a PRESAÍDA hai un tramo de **400 metros** por unha pista asfaltada ata a zona de SAÍDA. Daremos 10' para cubrir esta distancia. Atención polo tanto á hora de saída de cada corredor, xa que tódolos participantes deberán atoparse na zona de presaída con 10' de antelación.
- ✓ Na zona de **SAÍDA** estará habilitada unha zona de quecemento, fora da estrada, para que os corredores se preparen adecuadamente. Estará balizada nalgunha das súas partes para evitar que o campo de competición quede exposto. Queda prohibido atravesar a liña de balizado da zona de quecemento.
- ✓ Nos caixóns de saída establécense 3 carreiros. O da esquerda, para as saídas de federados, cos habituais caixóns de -3, -2, -1. Á súa dereita, un carreiro para saídas tarde. Pasará por ese carreiro ata o final dos caixóns e **esperará as indicacións do responsable de saídas** que procurará permitirlle saír o antes posible sen interferir nas saídas daqueles que va na súa hora (os corredores tarde sairán, sempre que sexa posible, no segundo 30 entre cada saída). Finalmente, tamén

estará habilitado un espazo para as saídas de Iniciación, que non terán hora asignada e que sairán cunha baliza Start.

- ✓ Consulta o esquema de saídas nos adxuntos para máis información.

**Consulta este MAPA para vela información descrita no texto.**

► **Características da zona:**

A zona de competición está moi preto de Porto do Son, nas ladeiras do monte Enxa. O mapa, estreado a tempada pasada, sufriu unha notable transformación, polas tarefas de mantemento e explotación de recursos que agora mesmo se están levando a cabo. Hai amplas zonas de tala e limpouse unha zona importante de maleza baixa. O terreo, que rodea o monte Enxa, caracterízase pola combinación de zonas de certo desnivel con áreas practicamente chans. Atoparémonos dentro deste mapa coa vexetación habitual de monte baixo, con zonas de progresión moi dificultada pola maleza e zonas de bosque limpo e espazos abertos que permitirán unha boa velocidade de carreira. Ademais, debido as labores de tala e limpas recentes (aínda se están executando) hai unha importante cantidade de material polo chan (ramas, toxo, vexetación rasteira,...) que poden xerar riscos potenciais de caídas por enganche. Rógase moita prudencia nese sentido.

Outra característica peculiar deste mapa é a existencia de grandes masas de auga, tanto corrente (regos, regatos, escorrentías,...) como estancada. O ano

pasado non foron evidentes pola seca que sufrimos naquela etapa pero, a día de hoxe, practicamente toda a extensión da zona está anegada.

Ocupa este mapa unha zona de pastoreo e cría extensiva de reses. Para a celebración da proba, o gando foi trasladado a outras parcelas, polo que non debería existir ningún problema nese sentido. De calquera xeito, hai unha cantidade importante de cercados e valados de arames ós que é necesario prestarlle unha gran atención para evitar accidentes. Neste sentido, sinalar que se detectaron este ano varias zonas con arames derrubados, consecuencia das labores de mantemento antes mencionadas. Tentaranse sinalar con cintas de balizamento aqueles arames que se atopen no medio dos percorridos, aínda que é posible que queden tramos sen sinalizar. Rógase moita atención a este aspecto.

Atoparedes en numerosos cercados un cartel avisando de que hai corrente eléctrica nos arames, mediante un pastor de gando. O día da proba estarán desactivados.

Por último, sinalar que no mapa estarán indicados algúns pasos habilitados, co símbolo 708 (punto de paso), que soamente afectan a algúns percorridos. Están sinalados porque a súa visibilidade é moi complicada pola maleza e non se detectarían ata estar preto deles. Deste xeito, preténdese facilitar as decisións dos corredores en cando as rutas. Atención especialmente as estradas prohibidas marcadas no mapa, que tamén lle afectan a certos percorridos. Algúns xuíces auxiliares estarán dispostos nesas zonas,

controlando o paso desas estradas. Calquera competidor que faga uso da mesma estará inmediatamente desqualificado.

**É imprescindible o uso de polainas.**

## 2. Percorridos:

Para participar nunha das categorías oficiais, en función da idade do deportista, hai que estar en posesión da licencia deportiva correspondente, emitida pola Federación Española de Deportes de Orientación. O resto dos participantes, deben inscribirse nas categorías de Iniciación Curta ou Iniciación Longa.

Aqueles deportistas federados que queiran puntuar para o ranking da Liga Galega de O-PE deberán levar nun lugar visible o seu número de dorsal.

| PERC    | CATEGORÍA     | DISTANCIA | DESNIVEL (M) | Nº CONTR. | ESCALA     |
|---------|---------------|-----------|--------------|-----------|------------|
| Per. IC | INI CURTA     | 1.890     | 35           | 14        | 1 : 7.500  |
| Per. IL | INI LONGA     | 2.760     | 55           | 18        | 1 : 7.500  |
| Per. 01 | M/F-12        | 2.090     | 35           | 15        | 1 : 7.500  |
| Per. 02 | M/F-14        | 2.250     | 50           | 14        | 1 : 7.500  |
| Per. 03 | M/F-16        | 2.500     | 65           | 14        | 1 : 7.500  |
| Per. 04 | M/F-18        | 3.230     | 90           | 16        | 1 : 7.500  |
| Per. 05 | F-21B         | 2.490     | 70           | 17        | 1 : 7.500  |
| Per. 06 | F-21A * M-21B | 3.230     | 80           | 16        | 1 : 7.500  |
| Per. 07 | F-35 * M-21A  | 3.820     | 115          | 19        | 1 : 10.000 |
| Per. 08 | F-40 * M-45   | 3.660     | 120          | 18        | 1 : 10.000 |
| Per. 09 | F-45 * M-50   | 3.480     | 95           | 16        | 1 : 10.000 |
| Per. 10 | F-50          | 2.580     | 85           | 14        | 1 : 7.500  |
| Per. 11 | M-40          | 4.190     | 125          | 20        | 1 : 10.000 |
| Per. 12 | F-E * M-35    | 4.390     | 130          | 22        | 1 : 10.000 |
| Per. 13 | ELITE         | 5.050     | 165          | 24        | 1 : 10.000 |

### 3. Servizo de ludoteca e chan duro..

Habilitarase, para os competidores que así o desexen e o soliciten previamente, un servizo de **LUDOTECA (GPS 42.72445, -9.00576)** para os seus fillos, que será atendido por persoal municipal. Para solicitar este servizo, será imprescindible cubrir o formulario que se incluírá nos adxuntos e remitilo asinado ó mail do club, antes do **xoves 12 ás 15 horas**. Non se permitirá o

acceso á ludoteca sen este requisito básico. Para deixar ós nenos na Ludoteca, poden facer unha parada na propia estrada AC-550, tomando como referencia a parada de autobús da vila (marquesiña de grandes dimensións, de cristal) desde onde poden acercar ó neno a pe, xa que o local se atopa a menos de 100 metros de distancia

De igual forma, habilitarase tamén o servizo de **CHAN DURO (Coordenadas GPS 42.72305, -9.00748)**, para aqueles competidores que desexen pasar a noite do venres 13 en Porto do Son. Utilizarase para este fin o Pavillón Polideportivo Santa Irene. O chan duro estará dispoñible desde o venres 13 ás 20:00 horas ata o sábado 14 ata o momento de entrega dos trofeos.

Para utilizar este servizo, é imprescindible que os competidores cumprimenten o formulario tamén incluído nos adxuntos.

### 4. Comer e durmir.

<https://drive.google.com/open?id=13qHkEcQEY F41XXXu3U1vzvpac&usp=sharing>

### 5. Colaboradores:



## MAPA 2017:

